

Final do Rally Matemático 2013 – 3º ESO

Exercicio-1 O ano 2013


A suma dos díxitos do número 2013 é igual a 6.

- Cal é o maior número enteiro estritamente menor que 2013 cuxa suma dos seus díxitos sexa igual a 6?*
- Cal é o menor número enteiro estritamente maior que 2013, cuxa suma dos seus díxitos sexa igual a 6?*

Exercicio-2 Da área ao lado

Na praza do debuxo, a área da zona sombreada é de 500 m^2 .
EF mide 2 m menos que AB;

- Cal é a lonxitude do lado do cadrado maior?*
- Se a área da zona non sombreada fose de 500 m^2 . Cal sería neste caso a lonxitude do lado maior, AB?*



Exercicio-3 NON e 373

A palabra NON e o número 373 teñen en común que se len da mesma maneira de esquerda a dereita que de dereita a esquerda, xa que son palíndromos.

- 1) Cantos números palíndromos de 3 díxitos hai?*
- 2) Cantas palabras palíndromas hai de 3 letras escritas coas 23 letras do alfabeto galego (palabras que teñan un significado ou non)?*

Exercicio 4 Especial Ano internacional e Galego da Estatística

O mapa da TV para o prognóstico do tempo presenta unha imaxe de nubes e choiva co símbolo 30%



¿Qué significa unha probabilidade do 30% de que mañá vai chover?

Elixe entre as seguintes a resposta correcta:

- a) 30% de 12 horas é aproximadamente 3,5 horas, entón teremos 3,5 horas de chuvia mañá.
- b) 30% é menos que $\frac{1}{2}$, entón teremos chuvia menos da metade do día
- c) 30% é menos que o 50%, entón con máis sorte que non, teremos un día seco mañá
- d) non se pode dicir porque o prognóstico do tempo a miúdo está equivocado.